



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TOURO

*Anuncio bases Concurso Entroido 2026 do Concello de Touro*

#### ANUNCIO

**EXPEDIENTE 2026/A002/000001. Concurso de Entroido 2026 do Concello de Touro.**

A Xunta de Goberno local, en sesión ordinaria celebrada o 15 de xaneiro de 2026 adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar a convocatoria do Concurso de Entroido 2026 Concello de Touro, de acordo coas bases transcriben a continuación:

*O Concello de Touro organiza o sábado 14 de febreiro de 2026 o concurso de Entroido na carpa situada no campo da festa de Fonte Díaz a partir das 17.00 horas e que se rexerá polas seguintes Bases:*

#### **PRIMEIRA. Obxecto.**

*De conformidade co previsto na lei 38/2003 de subvencións, constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do concurso para o Entroido do Concello de Touro que se celebrará no ano 2026, e que con esta convocatoria se pretende fomentar a conservación e o mantemento das tradicións populares, así como fomentar e impulsar as actividades culturais, artísticas, turísticas e comerciais en xeral, establecendo, así mesmo, premios que poidan servir como estímulo individual para todos cantos estean interesados en participar na actividade que, a tal fin, se programe.*

#### **SEGUNDA. Crédito orzamentario.**

*O importe dos premios previstos nestas bases imputarase á aplicación orzamentaria 338.480.00 do presuposto municipal.*

#### **TERCEIRA. Beneficiarios.**

*Poderán ser beneficiarios dos premios previstos nestas bases todas as persoas, así como as agrupacións de persoas físicas e xurídicas sen personalidade xurídica constituídas para a consecución dos fins sinalados como obxecto de premio, e que cumpran os seguintes requisitos xerais.*

- a) Non estar incursas en ningún dos casos previstos no artigo 13.2 da Lei xeral de subvencións.*
- b) Non ter co concello débedas ou sancións tributarias en período executivo, salvo que se trate de débedas ou sancións tributarias que se encontren aprazadas, fraccionadas ou que a súa execución estivese suspendida.*
- c) Non ter pendente de xustificar subvención concedida polo concello.*

*Aquelas persoas menores de idade ou que non teñan plena capacidade de obrar que desexen participar deberán facelo sempre coa preceptiva autorización da persoa titular da patria potestade ou tutela, segundo modelo anexo a estas bases.*

#### **CUARTA. Réxime de concesión dos premios**

*Os premios outórganse a instancia do solicitante con cargo ao orzamento da Corporación mediante procedemento de concorrencia competitiva. O seu outorgamento será motivado e os seus importes non poderán ser revisados nin ampliados.*

*O importe dos premios a conceder non superará o orzamentado no Orzamento Xeral da Corporación para cada exercicio orzamentario.*

*Concederanse os seguintes premios:*

**CATEGORÍA INFANTIL E XUVENIL INDIVIDUAL (até os 14 anos):**

**1º Premio:** 150,00 €

**2º Premio:** 100,00 €

**CATEGORÍA INFANTIL E XUVENIL PARELLA OU GRUPO (até os 14 anos):**

**1º Premio:** 250,00 €

**2º Premio:** 200,00 €

CATEGORÍA ADULTOS INDIVIDUAL (a partir dos 14 anos):

1º Premio: 150,00 €

2º Premio: 100,00 €

CATEGORÍA ADULTOS PARELLA OU GRUPO (a partir dos 14 anos):

1º Premio: 250,00 €

2º Premio: 200,00€

CATEGORÍA ASOCIACIÓN:

1º Premio: 350,00 €

2º Premio: 250,00 €

Considerarase Grupo cando se xunten máis de 3 persoas representado todas un mesmo tema. No escenario poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación,...) de 3 a 4 minutos de duración. Poderán traer un pendrive coa música de acompañamento para a súa interpretación pero deberano deixar indicado na solicitude de participación e facilitaranllo á organización antes do inicio do concurso.

Establécese que no caso de parellas ou grupo no que un dos participantes sexa maior de 14 anos participará na categoría parellas ou grupo adultos.

As candidaturas valoraranse segundo os seguintes criterios:

- a.) A orixinalidade do vestiario, estética, creatividade e elaboración dos disfraces, comparsas e carrozas (feito a man, etc)
- b.) Utilización de materiais de refugallo
- c.) A posta en escena, animación musical, a capacidade de interacción co público e a mobilización de masas, a sátira e a crítica social construtiva.
- d.) O uso do galego tanto oral como escrito.

Poderase declarar deserto calquera premio se a xuízo do xurado non reúnen os méritos suficientes.

No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregárase un xustificante do premio.

#### **QUINTA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes.**

Unha vez aprobadas as presentes bases e convocatoria por Acordo da Xunta de Goberno serán obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da provincia de A Coruña.

A presentación de solicitudes poderase facer previamente ao concurso no Rexistro do Concello de Touro, por medios telemáticos a través da sede electrónica do Concello ou ben na carpa situada no campo da festa de Fonte Díaz de 17.00 horas ás 18.00 horas.

Para aclaracións ou asesoramento en canto ás solicitudes para o concurso poden poñerse en contacto do Departamento de Cultura na Casa do Concello ou no teléfono 981504029.

#### **SEXTA. Documentación.**

A documentación que se deberá acompañar é a seguinte:

- Solicitude, segundo modelo que se acompaña no Anexo II, asinada polas persoas interesadas, ou por quen teña conferida a representación.

#### **SÉTIMA. Lugar de presentación de solicitudes.**

O período de inscrición comezará ao día seguinte da publicación publicación íntegra das presentes Bases no Boletín Oficial da provincia de A Coruña e rematará o 14 de febreiro de 2026 antes do inicio do concurso.

A inscrición formalizarase mediante a presentación da solicitude no Rexistro Municipal de 9:00 a 14:00 horas nos días laborais, ou na sede electrónica (<https://sede.touro.gal>) sen prexuízo do disposto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Touro (Anexo II).

#### **OITAVA. Mecánica do concurso.**

As persoas inscritas no concurso deberán presentarse na carpa situada no campo da festa de Fonte Díaz o día 14 de febreiro de 2026, entre as 17.00 e as 18:00 horas, para recoller o dorsal asignado, no que se sinalará a categoría na que participan e a orde de saída ou actuación. Será condición obrigatoria recoller o dorsal nese horario para participar no concurso.

A hora estimada de inicio da actividade será ás 18.15 horas. A continuación os/as participantes desfilarán e actuarán diante do xurado para a valoración dos seus disfraces.

Logo de rematado o desfile, o xurado, atendendo ás puntuacións adxudicadas a cada candidatura, levantará acta do concurso coa proposta dos premiados para a posterior resolución administrativa da concesión dos premios.

A organización poderá descualificar aquelas propostas que exhiban condutas que poidan considerarse ofensivas e vexatorias e que violenten a dignidade doutras persoas, alén do marco de irreverencia e transgresión festiva propios do Entroido.

#### **NOVENA. Composición do xurado**

O xurado estará composto por 3 membros con dereito a voto familiarizadas co mundo da cultura e dos festexos e que se farán públicas mediante a publicación do nomeamento na sede electrónica do Concello.

#### **DÉCIMA. Pago dos premios**

10.1- O pago de premios en metálico concedidos farase efectivo mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polos premiados. No momento do pago practicarase as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

10.2- Para o pago dos premios é necesaria a presentación no Rexistro de entrada da seguinte documentación:

a.- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada (Anexo III destas bases)

b.- Fotocopia do NIF da persoa premiada ou do/a seu representante legal, no seu caso é a de dous representantes no suposto de grupo.

c.- No caso das asociacións deberán aportar o CIF e Certificado do número IBAN da conta bancaria da propia Asociación

d.- Nos demais casos o certificado da conta bancaria asociada ao premio, na que conste o/a titular da conta, ben do premiado/a, do seu representante legal ou un dos dous representantes no suposto de grupo

10.3- A presentación desta documentación implica a autorización ao concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento comprobarase de oficio que os/as premiados/as están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e co concello. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

10.4- A data límite para entregar a documentación é o 28 de febreiro de 2026. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito a percepción do premio.

10.5- Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

#### **UNDÉCIMA. Dereitos de propiedade intelectual e datos de carácter persoal**

A participación no concurso previsto nestas bases implica polos participantes a aceptación incondicional da seguinte cláusula:

- A autorización ao concello para a publicación na páxina web, redes sociais e publicacións da súa titularidade do nome e apelidos dos concursantes e premiados, así como fotografías e vídeos deles nos actos de entrega de premios ou na participación nas actividades culturais, lúdicas etc. obxecto do concurso.

#### **DUODÉCIMA. Inspección e control**

O concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades premiadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa destas, en particular á información de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non estar incurso en causa que impida a obtención de subvencións públicas, así como a requirir aos premiados nos termos que precise de conformidade co disposto no Título III da lei 38/2003.

As persoas que resulten beneficiarias dos premios comprométense a:

- Presentar ou autorizar ao Concello a obter por medios telemáticos os certificados correspondentes de atoparse ao corrente de obrigas tributarias, seguridade social e de non estar incurso en causa que impida a obtención de subvencións públicas.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

No non previsto nestas bases será de aplicación a lei 38/2003 de subvencións, a lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, regulamento xeral de subvencións, a Lei reguladora das Bases do Réxime Local e a Lei de Facendas Locais

**ANEXO II – FICHA INSCRIPCIÓN CONCURSO DE DISFRACES CATEGORÍA INFANTIL E XUVENIL INDIVIDUAL (ATÉ OS 14 ANOS)**

*(Modelo para persoas físicas menores de idade ou sen plena capacidade de obrar en solitario)*

**(A) DATOS DO CONCURSO**

|                         |  |
|-------------------------|--|
| DENOMINACIÓN DO DISFRAZ |  |
|-------------------------|--|

**(B) DATOS DO CONCURSANTE**

|                    |  |
|--------------------|--|
| Nome e apelidos    |  |
| NIF                |  |
| Enderezo           |  |
| Teléfono           |  |
| Correo electrónico |  |

**(C) DATOS DO TITOR/A OU TITULAR DA PATRIA POTESTADE**

|                    |  |
|--------------------|--|
| Nome e apelidos    |  |
| NIF                |  |
| Enderezo           |  |
| Teléfono           |  |
| Correo electrónico |  |

Como representante legal do/a concursante que figura no encabezado,

**DECLARA QUE:**

- Autorizo expresamente ao concursante (B) a participar no concurso, coñezo o contido das bases xerais aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria realizada por Acordo da Xunta de Goberno do 13 de xaneiro de 2026 aceptando incondicionalmente as obrigas derivadas destas no seu nome e representación.
- O concursante está ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e do concello, así como coa Seguridade Social e non se encontra en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 de la lei xeral de subvencións.

Asdo:

Touro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2026

**ANEXO II – FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DE DISFRACES CATEGORÍA INFANTIL E XUVENIL PARELLA OU GRUPO (ATÉ OS 14 ANOS)**

*(Modelo para persoas físicas menores de idade ou sen plena capacidade de obrar en solitario)*

**(A) DATOS DO CONCURSO**

|                         |  |
|-------------------------|--|
| DENOMINACIÓN DO DISFRAZ |  |
|-------------------------|--|

**(B) DATOS DOS CONCURSANTES**

| Concursante<br>Nome e apelidos | NIF | Sinatura | Representante<br>Nome e apelidos | NIF | Sinatura |
|--------------------------------|-----|----------|----------------------------------|-----|----------|
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |
|                                |     |          |                                  |     |          |

**DECLARAN QUE:**

- No caso de ser titulares ou representantes legais dos concursantes, autorizamos aos nosos representados/as a participar no concurso segundo as bases xerais aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data..... de conformidade coa convocatoria realizada por Acordo da Xunta de Goberno do 13 de febreiro de 2026 aceptando incondicionalmente as obrigas derivadas destas.

- No caso de participar en nome propio, coñecemos e acatamos incondicionalmente o contido das bases xerais do concurso aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria realizada por Acordo da Xunta de Goberno do 13 de febreiro de 2026 aceptando incondicionalmente as obrigas derivadas destas.

- Os concursantes están ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica así como coa Seguridade Social e do concello e non se encontran en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 de la lei xeral de subvencións.

- Que no suposto de ser premiados, outorgan a súa representación para todas as xestións pertinentes para recibir os premios a:

| NOME E APELIDOS | NIF | DOMICILIO | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
|-----------------|-----|-----------|----------|--------------------|
|                 |     |           |          |                    |

Coa sinatura do presente escrito, o representante acepta a representación/autorización conferida e responde da autenticidade da sinatura do/dos outorgante/s

Asdo O/A Representante:

Touro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2026

**ANEXO II – FICHA INSCRIPCIÓN CONCURSO DE DISFRACES CATEGORÍA ADULTOS INDIVIDUAL (A PARTIR DOS 14 ANOS)**

**(A) DATOS DO CONCURSO**

|                         |  |
|-------------------------|--|
| DENOMINACIÓN DO DISFRAZ |  |
|-------------------------|--|

**(B) DATOS DO CONCURSANTE**

|                    |  |
|--------------------|--|
| Nome e apelidos    |  |
| NIF                |  |
| Enderezo           |  |
| Teléfono           |  |
| Correo electrónico |  |

**(C) DATOS DO TITOR/A OU TITULAR DA PATRIA POTESTADE**

|                    |  |
|--------------------|--|
| Nome e apelidos    |  |
| NIF                |  |
| Enderezo           |  |
| Teléfono           |  |
| Correo electrónico |  |

Como representante legal do/a concursante que figura no encabezado,

**DECLARA QUE:**

- Autorizo expresamente ao concursante (B) a participar no concurso, coñezo o contido das bases xerais aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria realizada por Acordo da Xunta de Goberno do 13 de xaneiro de 2026 aceptando incondicionalmente as obrigas derivadas destas no seu nome e representación.
- O concursante está ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e do concello, así como coa Seguridade Social e non se encontra en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 de la lei xeral de subvencións.

Asdo:

Touro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2026

ANEXO II – FICHA INSCRICIÓN CONCURSO DE DISFRACES CATEGORÍA ADULTOS PARELLA OU GRUPO (A PARTIR DOS 14 ANOS)

(A) DATOS DO CONCURSO

|                         |  |
|-------------------------|--|
| DENOMINACIÓN DO DISFRAZ |  |
|-------------------------|--|

(B) DATOS DO CONCURSANTE

| Concursante<br>Nome e apelidos | NIF | Menor de idade ou incapacitado | Sinatura | Representante<br>Nome e apelidos | NIF | Sinatura |
|--------------------------------|-----|--------------------------------|----------|----------------------------------|-----|----------|
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |
|                                |     | SÍ/NON                         |          |                                  |     |          |

DECLARAN QUE:

- No caso de ser titores ou representantes legais dos concursantes, autorizamos aos nosos representados/as a participar no concurso segundo as bases xerais aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data..... de conformidade coa de conformidade coa convocatoria realizada por Acordo da Xunta de Goberno do 13 de febreiro de 2026 aceptando incondicionalmente as obrigas derivadas destas.
- No caso de participar en nome propio, coñecemos e acatamos incondicionalmente o contido das bases xerais do concurso aprobadas polo concello e publicadas no BOP de A Coruña de data....., de conformidade coa convocatoria realizada por Acordo da Xunta de Goberno do 13 de febreiro de 2026 aceptando incondicionalmente as obrigas derivadas destas.
- Os concursantes están ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica así como coa Seguridade Social e do concello e non se encontran en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 de la lei xeral de subvencións.
- Que no suposto de ser premiados, outorgan a súa representación para todas as xestións pertinentes para recibir os premios a:

| NOME E APELIDOS | NIF | DOMICILIO | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
|-----------------|-----|-----------|----------|--------------------|
|                 |     |           |          |                    |

Coa sinatura do presente escrito, o representante acepta a representación/autorización conferida e responde da autenticidade da sinatura do/dos outorgante/s

Asdo O/A Representante:  
Touro,\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026

**ANEXO II – FICHA INSCRIPCIÓN CONCURSO DE DISFRACES CATEGORÍA ASOCIACIÓN**

**(A) DATOS DO CONCURSO**

|                         |  |
|-------------------------|--|
| DENOMINACIÓN DO DISFRAZ |  |
|-------------------------|--|

**(B) DATOS DO CONCURSANTE**

| NOME DA ASOCIACIÓN | CIF | DOMICILIO | REPRESENTANTE | TELÉFONO | CORREO ELECTRÓNICO |
|--------------------|-----|-----------|---------------|----------|--------------------|
|                    |     |           |               |          |                    |

**DECLARA QUE:**

- A Asociación está ao corrente do pago das súas obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica así como coa Seguridade Social e do concello e non se encontran en ningún dos casos de prohibición para obter subvencións establecidas no artigo 13 de la lei xeral de subvencións.

Coa sinatura do presente escrito, o representante acepta a representación/autorización conferida e responde da autenticidade da sinatura do/dos outorgante/s

Asdo O/A Representante:

Touro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2026



**ANEXO III CONCURSO DE ENTROIDO 2026 DO CONCELLO DE TOURO****Datos fiscais PREMIOS**

- ☐ INFANTIL E XUVENIL INDIVIDUAL
- ☐ INFANTIL E XUVENIL PARELLA OU GRUPO
- ☐ ADULTOS INDIVIDUAL
- ☐ ADULTOS PARELLA OU GRUPO
- ☐ ASOCIACIÓNS

Nome artístico..... Premio..... Importe..... €

Representantes (deben ser os mesmos que na solicitude, dous no caso de grupos)

|                                 |
|---------------------------------|
| Nome e apelidos:.....Asdo:      |
| NIF: .....Teléfono: .....       |
| Enderezo: .....                 |
| Localidade: ..... e-mail: ..... |
| Nome e apelidos:.....Asdo:      |
| NIF: .....Teléfono: .....       |
| Enderezo: .....                 |
| Localidade: ..... e-mail: ..... |

**INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 10 das bases do concurso):**

10.1- O pago de premios en metálico concedidos farase efectivo mediante transferencia bancaria ao número de conta indicado polos premiados. No momento do pago practicarase as oportunas retencións segundo a normativa tributaria vixente.

10.2- Para o pago dos premios é necesaria a presentación no Rexistro de entrada da seguinte documentación:

a.- Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada (Anexo III destas bases)

b.- Fotocopia do NIF da persoa premiada ou do/a seu representante legal, no seu caso é a de dous representantes no suposto de grupo.

c.- No caso das asociacións deberán aportar o CIF e Certificado do número IBAN da conta bancaria da propia Asociación

d.- Nos demais casos o certificado da conta bancaria asociada ao premio, na que conste o/a titular da conta, ben do premiado/a, do seu representante legal ou un dos dous representantes no suposto de grupo

10.3- A presentación desta documentación implica a autorización ao concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento comprobarase de oficio que os/as premiados/as están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, Seguridade Social e co concello. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

10.4- A data límite para entregar a documentación é o 28 de febreiro de 2026. A nonpresentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito a percepción do premio.

10.5- Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

- ☐ Si, declaramos que a asociación veciñal está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social
- ☐ Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de premiado/representante legal/representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio.

Os asinantes declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso

Asdo O/A Representante:

Touro, \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2026

**SEGUNDO.** Publicar as presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

**TERCEIRO.** Dar traslado do presente acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

Touro, 16 de xaneiro de 2026

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

2026/256